AVISTA

Proxecto de visibilización da muller na cultura

Fundación DIDAC
Pérez Costanti, 12
Santiago de Compostela
T. +34 881 018 893
info@didac.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

Un avistamento é o resultado de ver ao lonxe, da capacidade de mirar con ollos abertos cara o horizonte en busca de achados interesantes. Partindo desta idea xurde AVISTA, un proxecto da Fundación DIDAC que poñemos en marcha para dar visibilidade o traballo das mulleres artistas e creadoras no eido da cultura, as artes e o deseño. Dende a Fundación DIDAC creemos que as artes son unha das vías fundamentais de coñecemento do mundo que nos acolle e rodea e este proxecto quere ser unha lanzadeira para colocar o pensamento e o facer feminino no punto de mira. Un proxecto que vai dentro da nosa liña de compromiso coa igualdade. AVISTA é un espazo de difusión, móbil, un observatorio, tamén unha canle para a promoción de mulleres artistas, xestoras culturais, e en xeral profesionais do mundo da cultura, en prol de ofrecerlles un espazo de difusión do seu traballo, e facelas parte da programación da Fundación DIDAC ao longo do ano.

AVISTA é un novo espazo, unha nova forma de localizar dun xeito rápido as accións que a Fundación vai a dirixir neste sentido todas con unha mirada interxeneracional, provocando a participación das diversas capas da sociedade, e buscando unha unión, a capacidade de xerar transmisión de coñecementos para así conectar a nosa memoria coa capacidade de xerar futuros mellores. AVISTA céntrase tamén en propostas que miren cara o sostibilidade e nos axuden a traballar a prol de novas formas de facer con menos impacto medioambiental buscando solucións creativas e novidosas para mellorar a nosa relación co mundo que habitamos.

AVISTA busca unha conexión directa co medio rural, co traballo das xestoras, pensadoras e creadoras que desenvolven o seu facer fora do espazo da urbe, provocando a difusión das accións da Fundación DIDAC nos núcleos rurais que conforman o Concello para así chegar máis alá dos nosos límites, espallando o traballo destas mulleres máis alá do centro urbano. Do mesmo xeito AVISTA quere server para visibilizar na cidade o traballo das mulleres que actúan dende o rural, enriquecendo así as visións hexemónicas e creando lugares de colaboración rur-urbanos con esa mirada centrada na transmisión de coñecemento e saberes tan necesaria nos nosos días.

AVISTA pon foco na difusión do traballo feminino de persoas en risco de exclusión social pola súa condición de xénero, migrantes, vítimas de violencia de xénero, idade ou pertenza a colectivos especialmente vulnerables como o colectivo LGTBIQ+. As súas aportacións son imprescindibles para a conformación dunha mirada múltiple e que sexa mostra real da pluralidade da nosa sociedade galega contemporánea.

O proxecto funcionará en paralelo como unha canle de difusión a través das redes sociais e a web da Fundación, ademais de acoller unha serie de actividades que terán lugar ao longo da programación anual da Fundación DIDAC.

Nesta ocasión propoñemos un programa de actividades para realizar durante os días 17, 18 e 19 de decembro co que queremos presentar o noso programa AVISTA á cidadanía de Compostela.

17 DECEMBRO

Mesa redonda. *Artista e muller. Como operar dentro do circuíto artístico.* Con **Almudena Fernández Fariña** (artista e profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo), **Verónica Vicente** (artista) e **Mónica Maneiro** (directora artística da Fundación DIDAC).

Lugar: Fundación DIDAC
Duración: 50 min
Data: mércores 17 de decembro
Horario: 11 h
Actividade dirixida ao alumnado das escolas de arte da cidade
Inscricións en info@didac.gal

Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970) é artista e doutora en Belas Artes, profesora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (UVigo) dende 2000. Formada en Pontevedra, Limerick (Irlanda), Le Mans (Francia) e Salamanca, iniciou a súa traxectoria nos 90 con exposicións en galerías e institucións de España e Portugal. Recibiu premios e becas como o Francisco de Goya (1996), L'OREAL (2000) e Pollock-Krasner (2001) e no 2024 o Premio da Crítica de Galicia. A súa obra, presente en coleccións públicas e privadas como Museo de Arte Contemporáneo de Madrid, Museo de Pontevedra ou CGAC, explora desde 2002 proxectos *site-specific*. Paralelamente desenvolve unha intensa actividade investigadora arredor da pintura contemporánea o ensaio *O que a pintura non é* (2011) recolle parte da súa tese doutoral, recoñecida co Premio Extraordinario da Universidade de Vigo (2008/2009) e co Premio Provincial á Investigación da Deputación de Pontevedra (2009). Entre as súas publicacións salientan *Pintura site* (Ed. Dardo, 2014) e o catálogo *Pisando charcos* (Ed. CGAC, 2024). Entre os seus proxectos recentes destacan a exposición individual *Pisando charcos*, no Centro Galego de Arte Contemporánea (2023), e *Flor e Acanto*, intervención específica realizada con motivo do 30 aniversario do CGAC, así como *Flor de 6 pétalos*, intervención específica realizada no marco da 32 Bienal de Pontevedra (2025).

Verónica Vicente (Tomiño, Pontevedra, 1988) é artista visual graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, con formación en fotografía conceptual, museoloxía e profesorado, e actualmente doutoranda en Artes e Educación na UGR. O seu traballo, baseado en rexistros fotográficos e videográficos de accións vinculadas ao escultórico, aborda a identidade, as fronteiras do corpo e cuestións existenciais. A súa obra foi recoñecida con premios como o de Fotografía Joven da Fundación ENAIRE. Participou en residencias como a Formarte do Ministerio de Cultura para residir no Colegio de España en París e a REGA da Cidade da Cultura. Expuxo en Fundación RAC, Espacio Alexandra (OFF PhotoEspaña) e La Gran, e a súa obra forma parte de coleccións como as do CGAC, Fundación RAC, Fundación ENAIRE, Centre d'Art La Panera, Museo Nacional de Escultura ou a Fundação Bienal de Arte de Cerveira.

17 DECEMBRO

Presentación. *Produción audiovisual en Galicia. Filmika Galaika.* Con **Beli Martínez**

Lugar: Fundación DIDAC
Duración: 60 min
Data: mércores 17 de decembro
Horario: 19.30 h
Inscricións en info@didac.gal
De balde ata completar aforo

A produtora Beli Martínez falará nesta charla sobre o traballo que desenvolve na produtora e creará ademais unha mostra de cinema aberta ao público na que durante unha tarde poderemos gozar das propostas feitas en Galicia. Filmika Galaika fúndase no ano 2009 coa intención de promover a realización de películas de clara vocación autoral. Tras 15 anos, Filmika Galaika é un referente na creación cinematográfica galega pola produción dalgunha das obras máis destacadas do denominado Novo Cinema Galego como *Ariel*, Lois Patiño, *Eles transportan a morte*, Helena Girón y Samuel Delgado, *Longa Noite*, Eloy Enciso, *Vikingland*, Xurxo Chirro ou *Jet lag*, Eloy Dominguez. Os filmes producidos por Filmika Galaika participaron en máis dun centenar de mostras de cine internacionais, nas que recibiron o recoñecemento do xurado en festivais de referencia como Venecia, Donosti, Mar del Plata, Locarno IFF, Zinebi ou PlayDoc, entre outros. As súas producións exhibíronse tamén en museos e centros de arte como o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, MoMA, Museum of the Moving Image (Nova York), Flaherty Film Seminar, Doc's Kingdom, Centro Niemeyer (Avilés) ou Harvard Film Archive.

Beli Martínez (A Guarda, 1980) é Doutora en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo coa primeira tese que estudiou o Novo Cinema Galego. É produtora en Filmika Galaika, empresa galega especializada en cinema autoral e que produciu os últimos traballos de Eloy Enciso *Longa Noite*, Jessica Sarah Rinland *Those that, at a distance, resemble another* e de Helena Girón e Samuel M. Delgado *Eles transportan a morte*. Os seus filmes obtiveron o recoñecemento do xurado en festivais como Venecia, Locarno, Donosti, Mar del Plata, BAFICI, FICUNAM ou Zinebi, entre outros. Dende o ano 2012 desenvolve *Proxecto Socheo*, arquivo audiovisual de A Guarda. Compaxina a produción audiovisual coa docencia na Área de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo. Ten impartido conferencias en universidades como Harvard, Edimburgo, Porto ou a Universidade do País Vasco.

18 DECEMBRO

Mesa redonda. *A xestión cultural. Retos e oportunidades para novas experiencias.* Con **Agar Ledo** (comisaria adxunta da Bienal de Pontevedra), **Nuria Sotelo** (A Casa Vella e Compañía Furia Sotelo) e **Mónica Maneiro** (directora artística da Fundación DIDAC).

Lugar: Fundación DIDAC
Duración: 60 min
Data: xoves 18 de decembro
Horario: 11 h
Actividade dirixida a alunado das escolas de arte da cidade
Inscricións en info@didac.gal

Nesta mesa analizaranse os retos da xestión cultural como espazo dende o que crear novas formas de facer, con conciencia de coidado e novas miradas sobre o territorio.

Agar Ledo Arias (Santiago de Compostela, 1975) é historiadora da arte e técnica de procesos de investigación no Museo de Pontevedra/Bienal Internacional de Arte de Pontevedra. Entre 2019 e 2022 traballou como comisaria e asesora de adquisicións no Departamento de Colecciones del Museo Reina Sofía, onde formou parte do equipo curatorial de *Vasos comunicantes. Colección 1881-2021*, a reformulación da colección inaugurada en novembro de 2021. Previamente foi responsable do Departamento de exposicións do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo (2006-2018). Máster en Museología y Museos (Universidad de Alcalá) e Máster en Arte y política (MA Art & Politics, Politics and International Relations, Goldsmiths, University of London.

Nuria Sotelo (Ourense, 1978) é veterinaria conversa, bailarina, coreógrafa, fundadora e directora artística da compañía de danza-teatro Furia Sotelo, directora do Espazo de danza do Campus de Ourense UV, docente no eido do movemento, traballadora no ámbito social das artes e impulsora e coordinadora do espazo de creación artística e acción social no rural A Casa Vella. No seu afán por colaborar co desenvolvemento artístico do territorio, centrou o seu traballo en Galicia, participando como intérprete en diferentes compañías de danza e de teatro. Os espectáculos de Licenciada Sotelo, reconvertida a Furia Sotelo teñen sido apoiados pola AGADIC, o Festival ALT de Vigo, o Festival Escenas do Cambio, Corpo(a) Terra entre outros. E teñen participado en programacións e festivais nacionais e internacionais.

18 DECEMBRO

Recital poético con **Nuria Vil**
Flúor significa escuridade

Lugar: Fundación DIDAC
Duración: 60 min
Data: xoves 18 de decembro
Horario: 19.30 h
Inscricións en info@didac.gal
De balde ata completar aforo

Flúor significa escuridade
Sinopse: Un halóxeno de cor amarela pálida, tóxico e moi reactivo. Así, como un elemento químico, aparece a palabra en voz alta. Unhas veces detona e outras acompaña e ilumina. Poemas longos e pensados para escoitar, para repetir en voz alta, para detonar e alumear na ruina. Poemas ed Simún, poemas inéditos, poemas que non digo nunca e poemas que resisto a todas horas.

Nuria Vil (San André de Comesaña-Vigo-1993) centra o seu traballo artístico, eminentemente oral, en levar a poesía máis aló da escrita, busca hibridar a palabra con formas de arte experimental e performática a través dun discurso marcado pola vindicación social. Vén de estrear *Delicuente* (2024), unha curtametraxe dirixida por Alba Domínguez e baseada na seu poema homónimo e inédito arredor da historia obreira da cidade de Vigo na que conta co material en Super-8 cedido por Loli e Manoel da Costa; en 2024 estrea a performance *Declaro Deserto* (saxofón e voz) creada ao abeiro da Residencia In Situ 2023 (Cooperativa Performa), a instalación en proceso *Abride sinal* (Fundación Granell) e o espectáculo multidisciplinar *Indóciles* con Mónica de Nut e Vero Rilo. Desde 2016 fixo parte dos espectáculos *Dúas Gamberras e un Micro, Por Xela, Sésega, Rabuda...* E de festivais como *Pictura Fulgens* Reina Sofía, do Festival Sinsal, da Spoken Word Bilbao, Madrid, Porto, Versud Mallorca, Sacavera Asturies, Alguén que Respira Santiago de Compostela, MITEU Ourense, Veñan as cinco Pontevedra ou *Plataforma Festival de artes performativas en Santiago de Compostela.*

19 DECEMBRO

Charla e recital poético con **María Sánchez** e **María Solar**. *Poesía e ruralidades.*

Lugar: Fundación DIDAC
Duración: 60 min
Data: xoves 19 de decembro
Horario: 19.30 h
Inscricións en info@didac.gal
De balde ata completar aforo

Nesta conversa María Sánchez e María Solar falarán sobre o traballo da escritura, sobre a creación no medio rural e o acompañarán de lecturas seleccionadas.

María Sánchez (Córdoba,1989), con orixe familiar na Serra Norte de Sevilla, vive nunha aldea en Galicia. É veterinaria e traballa con razas autóctonas en peligro de extinción. Publicou os poemarios *Cuaderno de Campo* (La Bella Varsovia, 2017; con tradución ao eslovaco) e *Fuego la sed* (La Bella Varsovia, 2024; con tradución ao francés), Premio Zenda ao mellor libro de poesía de 2024. Tamén é autora do ensaio *Tierra de mujeres* (Seix Barral, 2019: con traducións ao alemán, ao eslovaco, ao francés e ao inglés) e *Almáciga* (Geoplaneta, 2020), un viveiro de palabras do medio rural das linguas do noso territorio. Os seus poemas foron traducidos ao alemán, eslovaco, francés, inglés, italiano, polaco, portugués e romanés. Colabora co suplemento *Comer* de La Vanguardia e coordina os proxectos *Almáciga*, que ensancha o libro homónimo, e *Las entrañas del texto*, sobre o proceso de creación. Obtivo entre outros premios Orgullo Rural, Nacional de Juventud e Fademur (todos en 2019), Fundación Princesa de Girona de Artes e Letras en 2021, a Medalla de Andalucía al Mérito Medioambiental en 2023, o Premio Internacional Afundación de Periodismo Julio Camba 2024, e o Premio Internacional de Poesía Mahmud Darwish 2025 do prestixioso Festival de Medellín, en Colombia. María tamén forma parte dos proxectos de investigación da Universidad de Córdoba: MURAL, Distintivo de Buenas Prácticas en Igualdad de Género da UCO en 2024; e NATURPAS.

María Solar (Santiago de Compostela, 1970) é escritora e xornalista. Presenta e dirixe o programa cultural ZigZag Fin de Semana na Televisión de Galicia, dirixe os Zigzag Diario e coordina os contidos de cultura na CSAG, onde traballa desde hai máis de 25 anos nos máis diversos formatos. A súa formación foi pouco convencional, mesturando ciencias e letras, é licenciada en Xornalismo e Bioloxía, diplomada en Maxisterio, e especialista en Información Medioambiental. Como escritora ten obra para públicos de todas as idades. É unha das autoras máis lidas de Galicia e foi traducida a numerosos idiomas como castelán, catalán, polaco, italiano, portugués, filipino ou chinés. Algúns dos seus libros son *Os nenos da varíola*, premio ao mellor libro xuvenil da III Gala do Libro e que foi adaptada ao teatro; O meu pesadelo favorito co que gañou o Premio Lazarillo e mellor libro infantil da I Gala do Libro, entrou na lista White Ravens da Biblioteca de Munich que distingue aos mellores libros infantís do mundo. Galardón que repetiu con *Teño uns pés perfectos*. En adultos a súa novela *As horas roubadas* foi premio Frei Martín Sarmiento e con *A culpa* gañou o premio Xerais de novela.

DIDAC

AVISTA

15 NOVEMBRO
Taller infantil
Breviario. Pintura e natureza
na obra de Tamara Feijoo

17 DECEMBRO
Como operar
dentro do circuíto artístico
Almudena Fernández Fariña
Verónica Vicente

Presentación
Produción audiovisual
en Galicia. Filmika Galaika
Beli Martínez

18 DECEMBRO
A xestión cultural.
Retos e oportunidades
para novas experiencias
Agar Ledo
Nuria Sotelo

Recital poético
Flúor significa escuridade
Nuria Vil

19 DECEMBRO
Charla e recital poético
María Sánchez
Poesía e ruralidades

Proxecto de visibilización da muller na cultura

Fundación DIDAC
Pérez Costanti, 12
Santiago de Compostela
T. +34 881 018 893
info@didac.gal

CONCELLO DE SANTIAGO